


HISTORIA



SEGUNDO MEIJIDE PARDO (1963), EN 1823
DESCUBRÍRONSE RICAS VETAS DE ESTAÑO
NOS MONTES DE COCO E TESTEIRO.

A EME indica que a súa produción empezou na década dos trinta do século XX, explota-
das polo Sindicato Estannífero de Lalín. En
1945, xa en mans do Banco Popular, seguían
aproveitándose, pero o seu afastamento e
as circunstancias do mercado motivaron a
súa práctica paralización en 1946. En 1978 as
minas foran recuperadas e mantiveron a ac-
tividade, de forma intermitente, ata os anos
oitenta.



Non acceda aos labores
mineiros. Especial
precaución na contorna
de trincheiras, gabias
e pozos.

Respecte as
propiedades privadas,
barreiras, valos e
cercados.

Cumpra as indicacións
de seguridade.



Cámara Oficial
Mineira de Galicia



Co apoio de:
**XUNTA
DE GALICIA**

Fotografías: Á. Ferreira Arias
y José María.



RUTA polas MINAS de estaño e volframio de A TRIGUEIRA (Lalín, Pontevedra)





Minaría Sostible
de Galicia

Figura 8

Esta ruta a pé permite percorrer un variado
**conxunto de labores mineiros dos xace-
mentos da Trigueira.** Descubertas e traba-
lladas no século XIX, o patrimonio mineiro
que conservan data da segunda época da
sua explotación, entre 1935 e 1945, con al-
gunha actividade posterior nos anos seten-
ta e oitenta.



Figura 12

 **Dificultade:**
Media

 **Distancia:**
7,5 km.

Descrición Xeral da XEOLOXÍA e MINARÍA da zona

Sitúanse en micaxistos e paragneises paleo-
zoicos da zona de Galicia-Trás-os-Montes. O
ICME (1972; 1974) describe nestas minas **dous
tipos de xacemento:** o primeiro corresponde
a **filóns de cuarzo**, con direccións N-S e ENE-
OSO e potencias de 0,5 a 1 metro, onde a mine-
ralización metálica é de casiterita, arsenopirita,
pirita, ilmenita e volframita. O segundo tipo
asóciase a **diques de composición granítica,
caolinizados.** As súas direccións principais son
E-O e NE-SO e as súas potencias oscilan entre
0,6 e 2 metros. Aquí, a mineralización é de casi-
terita, columbita e tantalita. En ambos os tipos
hai tamén óxidos de ferro e manganeso.



Figura 14

A xénese do xacemento estivo relacionada
coa intrusión e consolidación dun granito

non aflorante pero que orixinou diques e filóns que alcanzan a superfi-
cie e polos que circularon os fluídos hidrotermais nas últimas etapas de
cristalización, o que os mineralizou.

A EME de 1945 indica que estas minas se traballaran de xeito bastante
anárquico, pero que a súa explotación tendía a normalizarse. **O arran-
que realizábase con ferramentas de man** e para a concentración das
zafraas montouse un primeiro lavadoiro e, posteriormente, outro de
maior capacidade.

O concentrado obtido transportábase a fornos de cuba próximos para
a **fundición do mineral de estaño**, pero en 1945 foron prohibidos polas
elevadas perdas de metal en fumes, polo que o mineral tivo que levarse,
desde entón, ás novas fábricas de beneficio, máis afastadas (Redondela
ou Vilagarcía).

Figura 11



Descrición de cada PUNTO



Figura 1

- 1. Casa das minas (42.562172, -8.228579).** Punto de partida e final do percorrido, na Trigueira. Nestas casas (Figs. 1 e 2) vivían os obreiros das minas e foron rehabilitadas como apartamentos de turismo rural. Parecen manter a estrutura e aspecto exterior. Están feitas con cachotería colocada en seco, sen aparente trabazón no exterior. Son tres edificios pegados, con tellado a dúas augas. A lonxitude total do conxunto é duns 45 metros, por 5 de ancho. Pola parte sur destas casas, e aba abaixo, habilitouse unha senda con varanda de madeira. Ao baixar un pouco, chégase a un camiño en cota, no que se ven as marcas de sucros, de ata 5 centímetros de profundidade (Fig. 3), nos xistos, producidas polos carros de tracción animal. Este camiño acaba nunha zona minada, onde hai un depósito de auga.




Figura 2



Figura 3




Figura 4



Figura 5



Figura 6

- 2. Mina A Trigueira (42.561427, -8.228869).** Inmediatamente por encima do depósito, vese unha zona lineal de escavacións, a cal termina nunha focha de escasa sección (Fig. 4) que comunica cunha galería.
- 3. Antigo lavadoiro (42.561576, -8.229537).** Algo máis abaixo están os dous depósitos cilíndricos do primeiro lavadoiro desta mina) (Fig 5). Teñen un diámetro de 2,5 metros e 0,8 de profundidade. Pola parte de arriba, quedan os restos dunha construción rectangular de 12 x 6, con dúas dependencias, agora sen teito. Debaixo desta obsérvanse restos dun muro de cachotería e, ao lado, outro cunha porta, cuxo interior, de 4 metros de diámetro e 2,5 de altura, ten aspecto subcircular e abovedado. Podería tratarse dun forno ou dun almacén (Fig. 6).



Figura 7

- 4. Garaxe e economato (42.561886, -8.231458).** Continúase pola senda que sae á esquerda e baixa ao río e, logo de percorrer 140 metros, vadéase, se o caudal o permite (ou ben 60 metros máis adiante), para ascender á estrada onde está o garaxe e o economato. Se non pode vadearse, percorrerase outros 660 metros para chegar á ponte sobre o río Deza e tomar a estrada cara ao norte, en sentido Porto Martín e Ameixedo, ata encontrar, a 800 metros, os restos dos garaxes e do economato á esquerda da estrada. Son dúas construcións anexas, xa sen teito, feitas con cachotería de xistos en seco. A construción do sur ten uns 8 x 9 metros de planta e a outra uns 8 x 6 (Fig. 7). Regresando á ponte sobre o Deza, pode observarse a aba do monte Coco, onde se situaban as minas da Mataka e, máis ao oeste, as de Trascoco, Fonte de Traves, Malvaredos e Bresoi, así como a casa de Coco, residencia dos mandos das minas, situadas a 2,5 quilómetros dos garaxes e economato, pola estrada.
- 5. Central eléctrica (42.555357, -8.228846).** Crúzase o Deza e bordéase 120 metros cara ao sur para chegar aos restos da presa e da central hidroeléctrica. Aquí xerábase a enerxía hidroeléctrica para o servizo das minas e da aldea da Trigueira, que dispuxo de luz eléctrica antes ca Lalín. Desde a presa ao edificio da central (Figs. 8 e 9) quedan os vestixios da canle de derivación de formigón. O edificio ten 11 por 7 metros e unha soa planta abufardada de 6 metros de altura. O tellado a dúas augas desapareceu. Os muros son de cachotería en seco de xistos, vans con linteis de formigón e esquinas reforzadas con bloques de xistos máis silíceos. No interior quedan restos de apoios de maquinaria (Fig. 10).



Figura 9



Figura 10

- 6. Galería do lavadoiro (42.553729, -8.223799).** Desde a central hidroeléctrica percórrense 350 metros por unha senda que se dirixe cara ao SE, á zona das minas, e chégase a unha bifurcación onde unhas frechas de madeira indican á esquerda o lavadoiro e á dereita a mina da Corza. Tomando a senda cara ao lavadoiro, a 80 metros atopamos unha boca de mina no noiro dereito do camiño, cunha pequena cámara inicial, seguida dunha galería de 1,5 de ancho por 3 de alto (Fig. 11). No inicio, a galería segue un filón de cuarzo leitoso.



Figura 12

- 7. Lavadoiro moderno (42.553204, -8.223403).** Despois da boca de mina (50 metros), ven-se os restos dunha máquina e da primeira construción da zona do lavadoiro, un depósito de mineral. Ten uns 4,5 metros de altura e 5 de fachada. Os muros están feitos con cachotería en seco. Na parte superior ten restos dunha chapa de ferro inclinada (Fig. 13), que podería corresponder á moega de entrada do mineral (Fig. 12). No regueiro hai un pequeno salto de auga que tería unha derivación para o lavadoiro. Máis adiante hai un depósito de todo o traído das minas e unhas columnas que soportarían as zonas de machucamento, moenda e cribado.



Figura 13

- 8. Taller e almacén (42.552427, -8.224448).** Volvendo á bifurcación, ascéndese pola senda cara á mina da Corza e percórrense 450 metros ata chegar ás ruínas dun edificio con cinco dependencias. Era un taller e almacén de material (Fig. 14), dunha soa planta feita con cachotería en seco, e xa sen teito.
- 9. Mina da Corza (42.551345, -8.224181).** A boca da mina principal da Corza (de 2 x 2 metros de sección) localízase 340 metros máis adiante (Fig. 15). Era unha mina en pegmatitas que encaixan, coma en toda a zona, en xistos paleozoicos. No seu contorno vense outros labores superficiais que seguen as direccións dos filóns mineralizados e dos seus transversais, para cortalos.
- 10. Polvoreira (42.557121, -8.227399).** Desándase o andado e descéndese ata a ponte sobre o río Deza, e alí percórrese a estrada uns 200 metros en dirección á Trigueira para, antes de chegar a Cabana, ascender á man dereita. A 60 metros aparece a pequena construción da polvoreira (Fig. 16) xa sen o seu tellado a dúas augas. A 70 metros ao SSE, existe outra pequena construción, de non máis de 2 x 2 metros, sen teito, que quizais fose tamén polvoreira. Volvendo á estrada e continuando 500 metros por ela, alcázase o punto de partida na Trigueira.



Figura 15



Figura 16